Si alguien desea recibir los siguientes boletines por correo electrónico deberá mandar un e-mail con su nombre y ciudad a balonman@xiria.net poniendo como asunto del mensaje Boletin Xiria

Á ÚLTIMA

PARABÉNS O XIRIA QUERE FELICITAR AO EX XOGADOR DO CLUBE, ALFONSO PARADELO, POLO RECENTE NACEMENTO DA SÚA FILLA NEREA.

TAMÉN SE PODERÁN VISIONAR EN BERTV

Todos os partidos do Xiria en RadioXiria

RadioXiria ofrece este ano a posibilidade de escoitar todos os partidos que dispute o equipo senior na liga. A través da web do clube poderanse seguir as incidencias dos choques que o Xiria dispute tanto no Pavillón Municipal da Zona Escolar como fora da casa. A estrea será o sábado, 23 de setembro, a partir das 17,00 horas. O Xiria recibe na casa ao Pontedeume no primeiro partido da tempada.



O equipo de Marcos Rodríguez busca a primeira victoria no largo camiño para tentar á volta a Primeira Nacional. Ademáis, o luns poderá visionarse o partido na televisión BERTV. Tamén poderase ver, na mesma canle, un programa no que se analizará toda a actualidade do Xiria, con especial atención ao equipo senior. Será próximamente, tamén en BERTV.

A seguir



Adestrador

Marcos Rodríguez será o encargado de guiar ao Xiria ao ascenso.



Xuventude

O clube aposta pola xente da casa e xogadores xóvenes formados na canteira.



Regreso

Mario regresa ao Xiria tras un ano en branco. Chamado a ser peza fundamental do novo proxecto.



Experiencia

Fernando Vázquez aportará experiencia, tiro extrerior e seguridade ao equipo.

Calvo

XIRIA BM

SETEMBRO ANO 2006

O CLUBE APOSTA POLA XUVENTUDE

O Xiria inicia o regreso a 1ª

Contido

Falamos con 2
Marcos Rodríguez
O adestrador do equipo senior desgrana o que pode ser a tempada.

Reportaxe 4
PopXiriaPop
Todo sobre os concertos que organiza o Xiria na cervexaría Dublín.

A pizarra de 6
Marcos Trigo
O novo adestrador do equipo xuvenil desvela as claves dos seus equipos..

Reportaxe 7
Categorías inferiores
Todo o que hai que coñecer dos diferentes equipos do Xiria.

Á ultima 8



O Xiria inicia este mes de setembro a súa andaina en Segunda Nacional. O clube decidiu facer unha aposta pola xente da casa e a xuventude toma o relevo nas ringleiras dun equipo chamado a pelexar polo ascenso. Marcos Rodríguez, tras unha longa traxectoria como xogador, será o encargado de dirixir a nave e conducir ao Xiria, de novo, a Primeira Nacional. A experiencia de Fernando Vázquez e o regreso de Mario ás filas verdibrancas serán fundamentais para acadar o obxectivo. Xunto a eles, rapaces novos pero a maioría con experiencia suficiente como para soñar co ascenso. Os Javi Zas, Dubra, Queco, Quique ou Pablo serán tamén pezas importantes no equipo. Ademáis, a recente volta de Hernán ao pivote ven a cubrir unha das principais necesidades do equipo, deixando a praza ben cuberta tamén coa presenza de Cuco. En definitiva, un equipo novo pero sobradamente preparado.

caixanova

Se alguén desexa recibir os seguentes boletíns por correo electrónico deberá mandar un e-mail co seu nome e cidade a balonman@xiria.net poñendo como asunto da mensaje Boletin Xiria

Si alguien desea recibir los siguientes boletines por correo electrónico deberá mandar un e-mail con su nombre y ciudad a balonman@xiria.net poniendo como asunto del mensaje Boletin Xiria

Marcos Rodríguez: "O obxectivo ten que ser o ascenso"



Marcos Rodríguez será o encargado de intentar devolver ao Xiria a Primeira Nacional. Tras unha longa trayectoria como xogador e adestrador de categorías de base, tentará de trasladar o seu carácter aos que hai pouco foron os seus compañeiros.

-¿Qué obxectivos se marca o Xiria para a presente tempada?

-Conseguir o ascenso.

"TER UN EQUIPO TAN NOVO PODE TER AS SÚAS VENTAXAS, COMO A ILUSIÓN"

- ¿É un problema ter un equipo tan novo?

- Sí, no sentido en que nesta categoría hai moitos equipos veteranos. Pero tamén ten as súas ventaxas, xa que son máis doados de amoldar ao que un quere e teñen máis ilusión que moitos xogadores que levan xogando xa moitos anos.

- ¿Faiseche raro entrenar a xogadores cos que xogabas hai tan pouco?

- A verdade é que non, xa que o ano anterior xa



Categorías inferiores: a seguir pegando forte en Galicia



As categorías inferiores do Xiria tentarán, un ano máis, destacar no panorama galego e acadar obxectivos importantes para a entidade.

Na categoría xuvenil, o equipo masculino tentará acadar un dos dous primeiros postos da liga galega, mentres que o feminino loitará por mellorar o sexto posto do ano pasado.

Na categoría cadete, o conxunto masculino tentará dar o salto de calidade esperado e facer un mellor papel no campionato galego que na tempada pasada. O título da zona norte debería caer nas mans dun Xiria que, pese a contar con poucos xogadores, contan este ano cun plus de experiencia. Na categoría feminina, o obxectivo será o de clasificarse para o campionato galego e tentar de mellorar o cuarto posto do ano pasado.


Polo que respecta aos infantís, 13 dos 16 xogadores do equipo masculino son de primeiro ano, polo que pode ser un ano de transición. O obxectivo será o de estar entre os dous primeiros da zona norte. En categoría feminina, o obxectivo será o de captar novas xogadoras para que sigan medrando as categorías inferiores, co obxectivo, algún día, de poder facer un equipo señor

As categorías benxamín e alevín non se marcan obxectivos competitivos, senón os de captar e formar novos xogadores. As pretensións son, cando menos, as de igualar as cifras do ano pasado, con 45 xogadores.

Se alguén desexa recibir os seguentes boletíns por correo electrónico deberá mandar un e-mail co seu nome e cidade a balonman@xiria.net poñendo como asunto da mensaje Boletin Xiria

Si alguien desea recibir los siguientes boletines por correo electrónico deberá mandar un e-mail con su nombre y ciudad a balonman@xiria.net poniendo como asunto del mensaje Boletin Xiria

A Pizarra de... Marcos Trigo



Marcos Trigo Facal será o encargado de dirixir ao equipo xuvenil masculino do Asesoría Sueiro Xiria esta campaña, además de realizar diversas tarefas de apoio ao adestrador do equipo sénior do Calvo Xiria. O adestrador de Ardaña formouse como xogador nas categorías inferiores da A.D. Xiria onde tamén xogou no equipo sénior durante varias campañas para logo pasar ao Conservas Boya de Camariñas, que foi onde rematou a súa etapa como xogador e comezou a de adestrador. Dirixiu durante varias campañas diversos equipos de base da Escola Municipal de Camariñas e nas dúas últimas temporadas foi o encargado de levar as rendas do equipo de 2ª nacional do Conservas Boya. Marcos Trigo quere dar o seu propio estilo ao equipo xuvenil, en base a cinco pilares básicos:

INTENSIDADE E ESPÍRITU COLECTIVO, DOUS PILARES DO XOGO DOS SEUS EQUIPOS

- **Intensidade** durante todo o partido, sin que haxa lugar á relajación

- **Espíritu colectivo**, no que non primen as individualidades.

- **Defensa moi intensa**, onde se teñen que empezar a cimentar as victorias.

- **Rapidez** na contra, para sorprender ao rival.

- **Circulación rápida** de balón, buscando sempre a mellor opción en ataque.

O adestrador carballés tentará de imprimir o seu selo a un equipo que aspira a disputar a liga galega e conta con, a priori, lograr unha das dúas primeiras prazas da competición autonómica.

Hotel Punta del Este RESTAURANTE BODAS - BANQUETES

PROCASA

entrenara a algún e a situación é parecida. Además, a xente está a responder moi ben e sabe diferenciar as cousas, cando estamos dentro ou fora do vestiario.

- ¿Cómo valoras a pretempada que realizou o equipo?

- O certo é que tivemos problemas para empezar, xa que non toda a xente puido acudir aos adestramentos e eso o notamos. Nos dous partidos de Copa tivemos un baixón penso que psocolóxico, sobre todo ao ver o equipo que tiñamos enfrente e xogar sin a tensión necesaria. Pero penso que se o equipo mostra as ganas e tensión como fronte ao OAR e Bueu será máis fácil gañar partidos. De todas formas, a pretempada creo que foi positiva e realizouse un bo traballo.

- ¿Danche ganas, ás veces, de saltar á cancha?

- A verdade é que non. Xa me custou moito o ano pasado e, entre as poucas ganas que teño e os problemas co xeonllo non me apetece nada. E menos cun tío gritándome todo o partido...

- ¿Qué equipos haberá que ter en conta no grupo a presente campaña?

- SAR e Lavadores. Estes últimos contan co equipo do ano pasado e pode ser que conten con Iago Acuña para a presente tempada.

"NON TEÑO GANAS DE VOLVER A XOGAR, E MENOS CUN TÍO BERRANDOME SEGUIDO TODO O PARTIDO"

A SAR tamén mantén o bloque co que xogou en Primeira e recupera a xente para este ano.

GARAYSA

Se alguén desexa recibir os seguentes boletíns por correo electrónico deberá mandar un e-mail co seu nome e cidade a balonman@xiria.net poñendo como asunto da mensaje Boletin Xiria

Si alguien desea recibir los siguientes boletines por correo electrónico deberá mandar un e-mail con su nombre y ciudad a balonman@xiria.net poniendo como asunto del mensaje Boletin Xiria

Chega unha nova edición do Pop Xiria Pop

Oito grupos do panorama musical internacional danse cita na cervexaría Dublín de Carballo para a celebración dunha nova edición do Pop Xiria Pop. Despois do paso de bandas como Waistcoats, Cosmic Rough Riders, Deluxe, Elephant Band, Jet Lag, The Sunday Drivers, Biscuit, Fortune Tellers, Mistakens, Niño y Pistola, The Phantom Keys, Niños Mutantes…, confírmase para esta edición a presenza dos "astros internacionais" Roy Loney & The Longshots e Chris Wilson & The Groovin Flames. A novena edición do Xiria Pop contará, ademáis, con seis formacións máis que convertirán á cervexaría



Chris Wilson & The Groovin Flames

Dublín nunha obrigada cita para os amantes da boa música.

Agasallo

O festival regalará ás 200 primeiras persoas (con bono) en entrar na sala un CD con temas inéditos de Burgas Beat e unha recopilación dos mellores artigos escritos por Carlos Rego na prensa musical.

> OS CONCERTOS TERÁN LUGAR NA CERVEXARÍA DUBLÍN, OS DÍAS 22 E 23 DDDSETEMBRO

O bono para os dous días, 15 euros

Os interesados en acudir os dous días aos concertos poderán retirar un bono na entrada por 15 euros. Os que só teñan pensado ir un día, o prezo será de 9 euros para ver os catro concertos. O aforo é limitado e poderá albergar, como máximo, a 400 persoas. A organización entende que non haberá problemas de espacio e anima a toda a xente a participar do excelente cartel co que conta esta novena edición do Xiria Pop.

OS GRUPOS

Ron Loney & The Longshots

Sábado, 01:10 horas

Roy Loney, fundador dos Flamin´Groovies, visita o PopXiriaPop nesta súa única visita a Galicia, e para presentar en directo os novos temas, os do até agora o seu último álbum publicado "Drunkard In The Think Tank".

Chris Wilson & The Groovin Flames

Venres, 01:10 horas

Chris Wilson substituíu en 1972 a Roy Loney cando este deixou os Groovies, e pode presumir de ser parte fundamental nun disco tan importante na historia do rock&roll como o "Shake Some Action".

The Charades

Sábado, 22:30 horas

O cuarteto formado por Isabel (Ex Electrobikinis), María, Coky e Guillermo, aterrarán sobro o noso escenario cun potente directo POP, melodías marabillosas, voces preciosas e coros fantásticos con "When Shining Blue".

Meu

Venres, 00:25 horas

Das cinzas da Elephant Band xurdiu este proxecto, que conserva a actitude dos devanceiros, pero agora sen un encadramento claro. Ambigüidade calculada.



Big City

Sábado, 23:40 horas

Dreamin e máis non *dreamin*, folk-rock; unha grande e descoñecida banda nacional, cun único e boísimo disco "A Spring Of Summers". A descubrir.

Los High Sierras

Sábado, 00:25 horas

Os compoñentes da banda son vellos coñecidos da escena "underground" viguesa. Contan coa experiencia de ter tocado en bandas importantes.

Burgas Beat

Venres, 22,30 horas

Amósannos un feixe de cancións que ninguén con dous oídos que funcionen pode rexeitar, curradas, bonitas, e intelixentes, POP-ROCK

Annie Hall

Venres, 23,40 horas

Os xuvenís do festival, formados no ano 2003, apañan o traballo que en Ourense vén facendo Burgas Beat e presentan a proposta máis *indie* desta edición.

Se alguén desexa recibir os seguentes boletíns por correo electrónico deberá mandar un e-mail co seu nome e cidade a balonman@xiria.net poñendo como asunto da mensaje Boletin Xiria